

SAÚDA SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE

Comeza un novo curso nas escolas de Galicia e con el, e para todos os nosos escolares, arrancan os Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar, arranca o Programa **XOGADE**.

Con **XOGADE**, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ven a presentar un programa especificamente orientado a facilitar ós nosos rapaces a práctica de actividade física baixo parámetros educativos. É a nosa responsabilidade atallar os preocupantes índices de sedentarismo actualmente existentes, e para elo brindamos ós nosos nenos a oportunidade de crear e consolidar hábitos saudables que empreguen, agora e nun futuro, no seu tempo de ocio.

XOGADE parte da experiencia, extrae os seus aspectos máis beneficiosos e xera novas accións, todo elo co fin de acadar un único propósito: incorporar á vida dos nenos galegos a práctica de actividade física de xeito que a perciban como imprescindible no seu día a día.

Agradezo de antemán a colaboración dos docentes e dos Centros Educativos, dos Concellos, das Federacións e das Agrupacións deportivas, así como de todos aqueles que poñen o seu esforzo para que **XOGADE** poida cumprir os obxectivos marcados.



E como non tamén debo facer mención especial ás familias, xa que os bos hábitos de vida fórzanse primeiro no ámbito familiar, co esforzo e exemplo dos pais e nais, cumprimentándose despois, de forma imprescindible, coa boa labor desempeñada polos docentes e demais axentes.

Co traballo de todos nós, temos a posibilidade de converter ós nosos/as escolares en adultos con valores sociais ben establecidos, con bos hábitos saudables, con confianza en si mesmos e con pleno convencemento das súas posibilidades algo que, sen dúbida, outorgará felicidade e calidade ás súas vidas. De nós depende a consecución destes obxectivos.

Na procura de acadar este ansiado resultado, anímovos a todos a ser partícipes deste novo proxecto.

Benvidos a **XOGADE**.

Secretario Xeral para o Deporte
José Ramón Lete Lasa